



NORMATIVA DE RECOÑECIMENTO DAS PRÁCTICAS EN EMPRESAS NAS TITULACIÓNS DE POSGRAO

Os planos de estudo do POSGRAO da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais contemplan a posibilidade de realizar prácticas externas, recoñecibles por créditos ECTS.

En relación ao ámbito normativo, o RD 1707/2011 de 18 de novembro establece a regulación das prácticas académicas externas dos estudantes universitarios a nivel nacional.

No caso da Universidade de Vigo, o marco de referencia específico ven dado polo Regulamento de Prácticas Académicas Externas do Alumnado (aprobado en Consello de Goberno do 24 de maio de 2012).

No punto 5 do artigo 5 dese regulamento establécese que a Universidade habilitará unha normativa específica para ou recoñecemento das prácticas externas **EXTRACURRICULARES**, a cal fai pública na correspondente Resolución Reitoral do 21 de febreiro de 2013.

Pola súa banda, no punto 1 do artigo 4 do regulamento establécese que lles corresponde aos centros e titulacións o deseño, promoción, xestión académica e avaliación das prácticas externas **CURRICULARES** do seu alumnado. Para elo habilitarase unha normativa, que terá que ser aprobada en Xunta de Centro (punto 2 do artigo 4), conforme á Resolución Reitoral do 21 de febreiro de 2013.

A tal fin, na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, establécese:

- A delegación no coordinador de cada titulación da responsabilidade sobre o deseño e a xestión das prácticas externas correspondentes ao proxecto formativo da mesma.
- A súa vez, o coordinador de prácticas do centro terá a responsabilidade do proceso de difusión e control do procedemento establecido nos proxectos formativos para o recoñecemento das prácticas académicas.
- Dito procedemento para recoñecemento das prácticas externas curriculares rexerese polo seguinte:
 1. Corresponderá ao centro dispoñer na súa páxina web dun vínculo directo á titulación onde se especifique a información axustada ao recollido no punto 4 do artículo 17 do RD 1707/2011 sobre o procedemento de oferta e difusión das

prácticas externas entre o alumnado ao que se destinan. A titulación será a responsable de dar contido ao devandito procedemento.

2. Corresponde ao responsable da titulación establecer o procedemento de adxudicación do alumnado á entidade colaboradora en que se realizarán as prácticas.
3. Corresponde ao responsable da titulación establecer o procedemento de adxudicación do profesorado titor académico de prácticas.
4. Corresponde ao responsable da titulación a realización do proxecto formativo de cada práctica a que se refire ou artigo 6 do RD 1707/2011. Este proxecto aparecerá especificado, tanto na memoria da titulación, como na guía docente correspondente; documentos que deben ser aprobados en Xunta de Facultade e estar dispoñibles na web do centro baixo a responsabilidade do coordinador de prácticas.
5. O proceso para realizar e entregar os informes e memoria final á que se refiren os artigos 13 e 14 do RD 1707/2011, será establecido polo responsable da titulación e, no seu caso, o centro publicará na súa páxina web o vínculo á guía docente, ou documento informativo, correspondente.
6. O proceso para avaliar e cualificar as prácticas externas será establecido polo responsable da titulación e, no seu caso, o centro publicará na súa web o vínculo á guía docente, ou documento informativo, correspondente.